



**Xeración de Crédito 006X/2019**  
**Expte. Cividas: 2019008638**  
**XC – 006X/2019**  
**(mod. 13/2019)**

### **DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 07 de marzo (ref 052/2019), refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda en data 08 de marzo, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de créditos feita pola Concellería Delegada de Urbanismo, mediante Providencia asinada o 07 de febreiro, visto o informe favorable de fiscalización emitido pola Intervención Xeral en data 20 de marzo (ref 06X-19), en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 006-X/2019, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:**

#### **APLICACIÓN DOS FONDOS**

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N130.1522.78038	Conv. Mº Fomento-IGVS ARRU C Histórico Ourense 16ª F Reh	350.825,39 €
N130.1522.78039	Conv. Mº Fomento-IGVS ARRU Polvorín, Camelias... 5ª F Reh	910.000,00 €
N130.1522.78040	Conv. Mº Fomento-IGVS ARRU Núcleo de Seixalbo 11ª F Reh	108.000,00 €
N130.1522.78041	Conv. Mº Fomento-IGVS ARRU Barrios S Mamede, Cruceiro Q A Inmaculada 3ª F Reh	180.000,00 €
TOTAL.....		1.548.825,39 €

#### **ORIXE DOS FONDOS**

<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
72041	Subv. Mº Fomento ARRU Casco Histórico Ourense 16ª F Reh	280.660,31 €
75061	Subv. Xunta ARRU Casco Histórico Ourense 16ª F Reh	70.165,08 €
72042	Subv. Mº Fomento ARRU Polvorín, Camelias e Carballeira 5ª F Reh	728.000,00 €
75062	Subv. Xunta ARRU Polvorín, Camelias e Carballeira 5ª F Reh	182.000,00 €
72043	Subv. Mº Fomento ARRU Núcleo de Seixalbo 11ª F Reh	86.400,00 €
75063	Subv. Xunta ARRU Núcleo de Seixalbo 11ª F Reh	21.600,00 €
72044	Subv. Mº Fomento ARRU Barrios S Mamede, Cruceiro Quebrado e A Inmaculada 3ª F Reh	144.000,00 €
75064	Subv. Xunta ARRU Barrios S Mamede, Cruceiro Quebrado e A Inmaculada 3ª F Reh	36.000,00 €
TOTAL.....		1.548.825,39 €



**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos e ao **Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIS** aos efectos da concreción do correspondente proxecto de gasto derivado da xeración de crédito.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

